

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E EPI PRENSA SLU PARA A POTENCIAR O USO DO GALEGO A TRAVÉS DO XORNAL EL CORREO GALLEGO

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Lingua formalizará con EPI Prensa SLU o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua e EPI PRENSA, SLU para potenciar o uso do idioma galego a través do xornal *El Correo Gallego*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

De acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego e a promoción e difusión da cultura, polo que deberá adoptar as medidas oportunas para o seu fomento e estimular as manifestacións culturais feitas en galego.

As partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de



divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e aumentar a presenza do galego na prensa.

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en diante, SXL), pretende colaborar no desenvolvemento de iniciativas conxuntas con EPI Prensa SLU que fai explícita a súa inequívoca vontade de seguir colaborando coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na aplicación da Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega no funcionamento desta corporación e para acadar a dinamización plena da lingua galega, neste caso, no sector da prensa e da comunicación.

Que pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade pública, polas características das actividades que se desenvolven ao abeiro do convenio e por ser a citada entidade a única destas características en Galicia, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

